




Centro municipal de formación. Concello de Tui
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



AXUDAS - SUBVENCÍONS- FORMACIÓN – BECAS (PUBLICADAS NOS BOLETÍNS OFICIAIS)



SEMANA do 20 ao 26 de MAIO 2019

Luns, 20 de maio de 2019

Fondo solidario de libros e axudas adquisición ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/20 (código de procedemento ED330B). [DOGA](#)

Subvencións edición en galego ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PL400B). [DOGA](#)

Axudas uso instalacións en común ORDE do 7 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento MR323C). [DOGA](#)


Axudas explotacións agrarias, creación empresas agrarias ORDE do 16 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014_2020, e se convocan para o ano 2019 (códigos de procedemento MR405A, MR404A e MR405B). [DOGA](#)

Martes, 21 de maio de 2019

Subvencións laboratorios cooperativos no rural ORDE do 30 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural, e se convocan para os anos 2019 e 2020. [DOGA](#)



Centro municipal de formación. Concello de Tui
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



Axudas alumnado FP dual ORDE do 6 de maio de 2019 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (código de procedemento ED202A). [DOGA](#)

Mércores, 22 de maio de 2019

Axudas conciliación familiar e laboral RESOLUCIÓN do 3 de maio de 2019 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral por redución da xornada de traballo, como medida de fomento da conciliación e a corresponsabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento SI440A).

[DOGA](#)

Axudas conciliación maternidade paternidade RESOLUCIÓN do 2 de maio de 2019, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 27 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (Diario Oficial de Galicia número 92, do 15 de maio). [DOGA](#)

Curso básico auxiliares policía local RESOLUCIÓN do 15 de maio de 2019 pola que se convoca un curso básico de auxiliares de policía local. [DOGA](#)

Xoves, 23 de maio de 2019

Centros inmersión lingüística ORDE do 8 de maio de 2019 pola que se regulan a convocatoria e a selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería para participaren en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

[DOGA](#)

Venres, 24 de maio de 2019


Certame de artes plásticas PUBLICACIÓN DAS BASES DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS NOVOS VALORES 2019 [BOPPO](#)

Axudas a Cooperativas gandeiras e confrarías pescadores AXUDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS E CONFRARÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA [BOPPO](#)

Subvencións a entidades deportivas RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento PR945C). [DOGA](#)



Centro municipal de formación. Concello de Tui
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



Subvención equipamentos deportivos RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento PR949A). [DOGA](#)

Subvencións contratacións de mozos /as ORDE do 9 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través do Programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento TR352C). [DOGA](#)

Adxudicación de estadias residencias tempo libre ORDE do 14 de maio de 2019 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre adscritas a esta consellería para o ano 2019 (código de procedemento BS419A). [DOGA](#)

Axudas á apicultura ORDE do 13 de maio de 2019 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2019 (códigos de procedemento MR506A e MR506B). [DOGA](#)